

**PROGRAMACIÓN DE
MATEMÁTICAS**

**BACHARELATO E MÉTODOS
ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.**

CURSO 2021-2022

IES LAXEIRO

ÍNDICE

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	3
2. INTRODUCCIÓN Y CONTEXTUALIZACIÓN	3
3. LEXISLACIÓN VIXENTE.....	4
4. ELEMENTOS DO CURRÍCULO.....	4
5. OBXECTIVOS DO BACHARELATO.....	5
5.1 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	
5.2 OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS I	
5.3. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS	
6. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
7. PERFIL COMPETENCIAL	7
8. TEMPORALIZACIÓN/ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS/CONTIDOS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE POR UNIDADE DIDÁCTICA DE MATEMÁTICAS I E II	
8.1. BLOQUE COMÚN AS MATEMÁTICAS DE 1º E 2º DE BACHARELATO : PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS.....	8
8.2. MATEMÁTICAS I	14
8.2.1 INTRODUCCIÓN	
8.2.2 TÁBOAS POR UNIDADES	
8.3. MATEMÁTICAS II	43
8.3.1 INTRODUCCIÓN	
8.3.2 TÁBOAS POR UNIDADES	
9. TEMPORALIZACIÓN/ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS/CONTIDOS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE POR UNIDADE DIDÁCTICA DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS.	
9.1 BLOQUE COMÚN AS MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS DE 1º E 2º DE BACHARELATO: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS.....	61
9.2. MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I	67
9.2.1 INTRODUCCIÓN	
9.2.2 TÁBOAS POR UNIDADES	
9.3. MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II	91
9.3.1 INTRODUCCIÓN	
9.3.2 TÁBOAS POR UNIDADES	
9.3.3 TEMPORALIZACIÓN	
9.3.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
10. TEMPORALIZACIÓN/ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS/CONTIDOS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE POR UNIDADE DIDÁCTICA DE MÉTODOS.....	109
10.1 INTRODUCCIÓN	
10.2 TÁBOAS POR UNIDADES	
11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	118
12. AVALIACIÓN	118
12.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
12.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
13. PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN.....	119
13.1. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES	
13.2. PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR	
14. METODOLOXÍA	120
14.1. FACTORES QUE MOTIVAN A METODOLOXÍA	
14.2. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	
14.3. ACTIVIDADES PROPOSTAS	
14.4. RECURSOS DIDÁCTICOS	
15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	121
16. PLAN DE FOMENTO DE LECTURA.....	122
17. ACCIONES PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN NAS TIC'S.....	123

18. **CONTRIBUCIÓN** AO PLAN DE CONVIVENCIA..... 123

19. **AVALIACIÓN** DA PROGRAMACIÓN 123

19.1. **PROCEDIMENTOS** PARA AVALIAR E REVISAR A PROGRAMACIÓN

19.2. **INDICADORES** DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.

Xefe de departamento: Esther Ruiz Lineros		
Membros do departamento e distribución horaria		
Nome	Materias que imparte	Horas
Beatriz Boán Fernández	1 Grupo 1º ESO / 1 Grupo 4º ESO (Matemáticas Académicas/ 1 Grupo 1º Bacharelato (Matemáticas Aplicadas ás CCSS- diúrno)/ Métodos Estadísticos e Numéricos/2 Reforzos de 1º	17 horas
Susana Guerreiro Paz	3 Grupos 3º ESO (Matemáticas Académicas / 1 Grupo 1º Bacharelato (Matemáticas I diúrno)	16 horas
Lidia Margarita López-Ron Martínez	1 Grupo 2º Bacharelato (Matemáticas Aplicadas ás CCSS- diúrno)	4 horas
Marina Pardal Varela	1 Grupo 2º Bacharelato (Matemáticas II- diúrno)	4 horas
Esther Virtudes Ruíz Lineros	2 Grupos 4º ESO (Matemáticas Académicas)/ 1 Grupos 1º ESO/ 2 Reforzo de 2º/ 1 Reforzo de 1º	16 horas
Cristina Cuñarro Jacomé	1Grupo 4º ESO (Matemáticas Aplicadas)/1 Grupo 3º ESO (Matemáticas Aplicadas)/ 2 Grupos de 1º ESO	18 horas
Margarita Collazo Míguez	1 Grupo 2º ESO (PMAR)/ 2 Grupos 2º ESO	18 horas
Jorge Suárez Fernández	ESA / 1 Grupo de 1º Bacharelato. (Matemáticas Aplicadas ás CCSS Nocturno) / 2 Grupos 2º Bacharelato. (Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás CCSS Nocturno)	20 horas
Mª del Carmen González Failde	2 Grupos 2º ESO	10 horas

2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

INTRODUCCIÓN:

A Educación Secundaria Obrigatoria é unha etapa que ten como finalidade lograr que os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, desenvolver hábitos de estudo e traballo e preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e a súa inserción laboral así como formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas como cidadáns.

En canto ao Bacharelato trátase de proporcionar ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permita desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

As matemáticas contribúen en gran medida á consecución destas finalidades xa que axudará aos alumnos a desenvolver pensamento lóxico, a adquirir un razoamento que lles permita actuar con claridade, rigor e exactitude, a lograr un maior dominio das relacións espaciais, a tratar correcta e criticamente a información, permitiralles resolver problemas, realizar investigacións e poder enfrontarse a situacións prácticas da vida real, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas.

A metodoloxía levada a cabo polos profesores/as é fundamental. Non debemos actuar como meros transmisores dunha serie de conceptos senón como mediadores no proceso de aprendizaxe. Para acadar isto debemos situar ós alumnos ante situacións e experiencias que lles esixan un razoamento hipotético-deductivo, recoñecemento dos datos, variables e elementos implicados nunha situación-problema, a elaboración de hipóteses e estratexias para a resolución de problemas, a comprensión da información (verbal non verbal) e a comprobación sistemática de hipóteses, tendo sempre en conta as características propias do alumnado así como a súa diversidade.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Laxeiro é un centro situado en Lalín, capital da Comarca do Deza no centro de Galicia. O alumnado da ESO pertence en máis dun 60% á zona rural. O centro está situado no medio da vila e é o máis antigo de toda a Comarca, no ano 2004 cumpriu 50 anos dedicado á ensinanza. A falta de espazo é unhas das características que máis condicionan o traballo diario. A maioría das familias do alumnado traballa nas explotacións leiteiras e nas empresas da vila, estando na actualidade moitos pais e nais no paro como reflexo da forte crise pola que pasa o sector empresarial na Comarca.

3. LEXISLACIÓN VIXENTE.

- ~ Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE).
- ~ Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- ~ Orde EDC/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE do 29 de xaneiro)
- ~ DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29 de xuño)
- ~ Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG do 21 de xullo)
- ~ Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG do 4 de agosto)
- ~ Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo establecido no Decreto 86/2015 (DOG do 1 de agosto)
- ~ Orde EDC/462/2016, do 31 de marzo, pola que se regula o procedemento de incorporación do alumnado a un curso de Educación Secundaria Obrigatoria ou do Bacharelato do sistema educativo definido pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, con materias non superadas do currículo anterior a súa implantación (BOE 5 abril de 2016)
- ~ Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato. (BOE 30 de xullo)

4. ELEMENTOS DO CURRÍCULO.

Enténdese por **currículo** a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

O currículo está integrado polos **obxectivos**, as **competencias**, os **contidos**, os **criterios de avaliación**, os **estándares** e os resultados de **aprendizaxe avaliábeis**, e pola **metodoloxía didáctica**.

- a) **Obxectivos**: logros que o alumnado debe acadar ao rematar o proceso educativo.
- b) **Competencias**: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) **Contidos**: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.
- d) **Criterios de avaliación**: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen os coñecementos e competencias que se queren valorar e que o alumnado debe adquirir e desenvolver en cada materia.
- e) **Estándares de aprendizaxe avaliábeis**: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- f) **Metodoloxía didáctica**: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado para posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos.

5. OBXECTIVOS DO BACHARELATO.

5.1. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- a) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- b) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, se é o caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- c) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- d) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- e) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores de súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- f) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- g) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.
- h) Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- i) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- j) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- k) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

5.2. OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE MATEMÁTICAS I

- a) Comprender e aplicar os conceptos e procedementos matemáticos a situacións diversas que permitan avanzar no estudo das propias matemáticas e doutras ciencias, así como na resolución razoada de problemas procedentes de actividades cotiás e diferentes ámbitos do saber.

- b) Considerar as argumentacións razoadas e a existencia de demostracións rigorosas sobre as que se basea o avance da ciencia e da tecnoloxía, mostrando unha actitude flexible, aberta e crítica ante outros xuízos e razoamentos.
- c) Utilizar as estratexias características da investigación científica e as destrezas propias das matemáticas (formulación de problemas, planificación e ensaio, experimentación, aplicación da indución e dedución, formulación e aceptación ou rexeitamento das conxecturas, comprobación dos resultados obtidos) para realizar investigacións e en xeral explorar situacións e fenómenos novos.
- d) Apreciar o desenvolvemento das matemáticas como un proceso cambiante e dinámico, con abundantes conexións internas e intimamente relacionado co doutras áreas do saber.
- e) Empregar os recursos achegados polas tecnoloxías actuais para obter e procesar información, facilitar a comprensión de fenómenos dinámicos, aforrar tempo nos cálculos e servir como ferramenta na resolución de problemas.
- f) Utilizar o discurso racional para formular acertadamente os problemas, xustificar procedementos, encadear coherentemente os argumentos, comunicarse con eficacia e precisión, detectar incorreccións lóxicas e cuestionar aseveracións carentes de rigor científico.
- g) Mostrar actitudes asociadas ao traballo científico e á investigación matemática, tales como a visión crítica, a necesidade de verificación, a valoración da precisión, o interese polo traballo cooperativo e os distintos tipos de razoamento, o cuestionamento das apreciacións intuitivas e a apertura a novas ideas.
- h) Expresarse verbalmente e por escrito en situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente ,comprendendo e manexando representacións matemáticas.

5.3. OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

- a) Aplicar a situacións diversas os contidos matemáticos para analizar, interpretar e valorar fenómenos sociais, co obxecto de comprender os retos que formula a sociedade actual.
- b) Adoptar actitudes propias da actividade matemática como a visión analítica ou a necesidade de verificación.
- c) Asumir a precisión como un criterio subordinado ao contexto, as apreciacións intuitivas como un argumento que contrastar e a apertura a novas ideas como un reto.
- d) Elaborar xuízos e formar criterios propios sobre fenómenos sociais e económicos, utilizando tratamentos matemáticos. Expresar e interpretar datos e mensaxes, argumentando con precisión e rigor e aceptando discrepancias e puntos de vista diferentes como un factor de enriquecemento.
- e) Formular hipóteses, deseñar, utilizar e contrastar estratexias diversas para a resolución de problemas que permitan enfrontarse a situacións novas con autonomía, eficacia, confianza en si mesmo e creatividade.
- f) Utilizar un discurso racional como método para abordar os problemas: xustificar procedementos, encadear
- g) unha correcta liña argumental, achegar rigor aos razoamentos e detectar inconsistencias lóxicas.
- h) Facer uso de variados recursos, incluídos os informáticos, na busca selectiva e o tratamento da información
- i) gráfica, estatística e alxébrica nas súas categorías financeira, humanística ou doutra índole, interpretando con corrección e profundidade os resultados obtidos dese tratamento.
- j) Adquirir e manexar con fluidez un vocabulario específico de termos e notacións matemáticos. Incorporar con naturalidade a linguaxe técnica e gráfica a situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente.
- k) Utilizar o coñecemento matemático para interpretar e comprender a realidade, establecendo relacións entre as matemáticas e o ámbito social, cultural ou económico e apreciando o seu lugar, actual e histórico, como parte da nosa cultura.

6. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS.

Competencia lingüística.

A materia de Matemáticas utiliza unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilízalo nos momentos axeitados con propiedade abunda. Así mesmo, a comunicación dos resultados das actividades e/ou problemas e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, xa que logo, as máis traballadas na materia.

Competencia dixital

A competencia dixital fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, recadar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo das matemáticas que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

Aprender a aprender

A adquisición da **competencia de aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.

Competencias sociais e cívicas

Esta materia favorece o traballo en grupo, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das competencias sociais e cívicas. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da

ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

Conciencia e expresións culturais

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e expresión cultural das sociedades. Igualmente, o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras

7. PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA

O **perfil competencial** non é máis ca **darlle un peso** (porcentual) ás **competencias clave** da nosa materia, é dicir, responder a pregunta: qué porcentaxe da miña materia corresponde a miña materia. Tendo en conta as competencias asociadas a cada estándar o perfil competencial nos cursos de Bacharelato é a seguinte:

COMPETENCIAS	<u>1º BACH MAT I</u>	<u>1ºBACH MAT CCSS</u>	<u>2ºBACH MAT II</u>	<u>2º BACH MAT CCSS</u>
C. matemática e c.básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	75%	74%	72%	70%
Comunicación Lingüística (CCL)	4%	6%	5%	6%
Competencia Dixital (CD)	7%	7%	6%	6%
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	1%	1%	1%	1%
C. sociais e cívicas (CSC)	5%	5%	5%	6%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	5%	5%	5%	5%
Aprender a aprender (CAA)	4%	4%	5%	5%

8. TEMPORALIZACIÓN/ OBXECTIVOS DIDÁCTICOS/CONTIDOS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE POR UNIDADE DIDÁCTICA MATEMÁTICAS I e MATEMÁTICAS II.

8.1. BLOQUE COMÚN A 1º E 2º DE BACHARELATO: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS I e MATEMÁTICAS II.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
i l	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto. B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes. B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT
			MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT
			MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CMCCT
			MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.	CMCCT CAA
			MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA
d i l	B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc. B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas	B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	MA1B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático e reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.).	CMCCT

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	de representación de argumentos.			
g i	<p>B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</p> <p>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</p> <p>B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.</p> <p>B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</p>	<p>B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados.</p>	<p>MA1B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.</p> <p>MA1B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</p> <p>MA1B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT CD</p>
i l m	<p>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</p>	<p>B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</p>	<p>MA1B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.).</p> <p>MA1B1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
			que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	CSIEE
			MA1B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.	CMCCT
b d h i l m n	<p>B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</p> <p>B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc.</p> <p>B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</p> <p>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</p> <p>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</p>	<p>B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, a xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e o afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.</p>	MA1B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	CMCCT
			MA1B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).	CMCCT CSC CCEC
e g i	<p>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</p> <p>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</p> <p>B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.</p>	<p>B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.</p>	MA1B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	CMCCT
			MA1B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.	CMCCT
			MA1B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CCL CMCCT
			MA1B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.	CMCCT CD
			MA1B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	CCL

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
			MA1B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, e, así mesmo, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CMCCT
i l	B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade.	MA1B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
			MA1B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT
			MA1B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT
			MA1B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
			MA1B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT
i	B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MA1B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións	CMCCT
a b	B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de	B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MA1B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo,	CMCCT CSC

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
c d e f g h i l m n ñ o	contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.		perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).	CSIEE
			MA1B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
			MA1B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados atopados, etc	CMCCT CAA
			MA1B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE
b i l m	B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MA1B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE
b i l	B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e aprendendo delas para situacións similares futuras.	MA1B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.	CMCCT CAA
g i	B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitar a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a	B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de	MA1B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD
			MA1B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer	CMCCT

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	<p>realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e conclusións obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</p>	<p>problemas.</p>	<p>información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</p> <p>MA1B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</p> <p>MA1B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</p> <p>MA1B1.13.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>
e g i	<p>B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitar a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e conclusións obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</p>	<p>B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<p>MA1B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p>MA1B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p> <p>MA1B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</p> <p>MA1B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>	<p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CD CAA</p> <p>CD CSC CSIEE</p>

TEMPORALIZACIÓN : Todos estes estándares de aprendizaxe valoraranse ao longo dos tres trimestres tanto no curso de 1º como 2º de Bacharelato .

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: Estes estándares valoraranse a través dunha rúbrica que de forma xeral será:

- **Cualificación 0-4:** As destrezas que mostra o alumno no desenvolvemento do estándar son malas. Precisa axuda constante e comete incorreccións importantes. Interpreta resultados de forma inadecuada.
- **Cualificación 5-6:** As destrezas que mostra o alumno no desenvolvemento do estándar son aceptables. Precisa pequenas orientacións e comete algunhas incorreccións. Interpreta resultados de maneira aceptable.
- **Cualificación 7-8:** As destrezas que mostra o alumno no desenvolvemento do estándar son boas. Presenta autonomía á hora de desenvolver o estándar e practicamente non comete incorreccións. Interpreta resultados de forma adecuada.
- **Cualificación 9-10:** As destrezas que mostra o alumno no desenvolvemento do estándar son moi boas. Presenta total autonomía e rigor non comete incorreccións . Interpreta resultados de forma inadecuada. Interpreta resultados de forma moi adecuada.

Consideramos moi importante unha evolución positiva na consecución dos estándares ao longo dos tres trimestres.

8.2. 1º BACHARELATO MATEMÁTICAS I

8.2.1. INTRODUCCIÓN.

Ademais do bloque de contidos referentes a PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES transversais a todas as unidades, podemos agrupar estas en catro grandes grupos.

BLOQUE 2: ARITMÉTICA E ÁLXEBRA

UNIDADE 1: NÚMEROS REAIS

A principal razón de ser desta unidade é o repaso de contidos xa coñecidos pero no que normalmente o alumnado presenta gran cantidade de dúbidas e dificultades. Aquí revísanse e afóndase neles, poñendo a énfase, fundamentalmente, nos aspectos procedimentais básicos para a formación matemática do alumnado. É a partir deste momento cando faremos un uso sistemático aínda que racional da calculadora.

Esta é una unidade fundamental xa que o manexo destros dos intervalos en \mathbb{R} , dos radicais, dos logaritmos, dos factoriais e dos números combinatorios é básico para estes estudantes de Ciencias.

UNIDADE 2: SUCESIÓN

Esta unidade serve de ponte entre a superficial idea das sucesións que poidan traer os estudantes, adquirida en 3.º de ESO ao estudar as progresións, e o tratamento algo máis formal que terán en 2.º de Bacharelato, onde se prestará especial atención ao estudo dos límites.

Trataremos en este tema as sucesións, con pouca profundidade, logo repasaremos as progresións aritméticas e xeométricas, e por último, aproximáremos ao concepto de límite apoiándonos na idea intuitiva de achegamento dos valores da sucesión a certo número. A representación gráfica dalgunhas sucesións servirá para asentarse e mellorar esta idea intuitiva de límite.

UNIDADE 3: ÁLXEBRA

Esta é outra unidade de repaso xa que case todos os contidos da unidade son coñecidos polos estudantes, pero á maioría destes vénlles moi ben facer un repaso sistemático destes procedementos. Ademais, atopan grandes dificultades cando son eles os que deben formular as ecuacións dun problema. Por esta razón, e polo carácter instrumental da materia, básico para todo estudo matemático superior, queda xustificoado que se lle volva poñer atención ata chegar a un verdadeiro dominio destes contidos. Introdúcese tamén o método de Gauss, só con sistemas de tres ecuacións con tres incógnitas, como previo para o curso que ven no que se estudiará en profundidade.

BLOQUE 3: XEOMETRÍA

UNIDADE 4: RESOLUCIÓN DE TRIÁNGULOS

Esta unidade é un recordatorio e profundización dos contidos do curso anterior. Estudaremos as razóns trigonométricas dun ángulo agudo nun triángulo rectángulo, a súa utilidade para relacionar lados e ángulos, as relacións fundamentais entre elas e a súa aplicación para resolver triángulos rectángulos. Todo este proceso completárase co estudo das razóns trigonométricas para ángulos calquera e as relacións entre algúns deles e coa resolución de triángulos oblicuángulos utilizando a estratexia da altura. A unidade remata cos teoremas do seno e do coseno, como medio de resolución de triángulos calquera de xeito automático. O bo manexo da calculadora é tamén crucial en todo este proceso.

UNIDADE 5: FUNCIONES E FÓRMULAS TRIGONOMÉTRICAS

Nesta unidade preténdense desenvolver habilidades no manexo e a aplicación das fórmulas trigonométricas. Intentaremos que deduzan unhas a partir doutras e as utilicen na simplificación de expresións trigonométricas, demostración de identidades e resolución de ecuacións. Todo iso de forma gradual e sen esquecer a dificultade que ten o tratamento alxébrico das fórmulas trigonométricas neste nivel. Definiremos o radián e relacionarémolos co sistema sexaxesimal (graos, minutos e segundos). Resolveremos ecuacións trigonométricas sinxelas, este é un bo exercicio para repasar e dar sentido ás propiedades das funcións trigonométricas e ao significado de ecuación.

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA

UNIDADE 6 : NÚMEROS COMPLEXOS

Comezaremos a unidade introducindo a necesidade dos números complexos para resolver certo tipo de ecuacións cuadráticas. Definiremos $i = \sqrt{-1}$ e a partir de aquí estudiaremos os números complexos de forma binómica así como as súas operacións aritméticas. A partir de aquí, continúaase coa representación gráfica, a expresión dos números en forma polar, o paso de forma binómica a polar, e viceversa, e sorprende a sinxeleza das operacións produto, cociente e potenciación cando os números que interveñen están postos en forma polar. Tamén estudiaremos a radicación. Ésta, presenta maiores dificultades, pero enriquece notablemente o panorama de operacións no campo complexo.

BLOQUE 3: XEOMETRÍA

UNIDADE 7 : VECTORES

Nesta unidade dedicarémonos, en exclusiva, aos vectores. Operacións con vectores, operacións con vectores (suma, produto por un número), combinacións lineais de dous ou máis vectores que ten como resultado outro vector dado. Ademais o alumnado debe familiarizarse co produto escalar de vectores e con algunhas das súas propiedades, especialmente a que permite caracterizar a perpendicularidade e a obtención do módulo dun vector e o coseno dun ángulo. Ademais, é conveniente que reflexione sobre o feito de que con esta operación se controlan, por primeira vez, as relacións métricas entre vectores (perpendicularidade, ángulo, módulo).

UNIDADE 8: XEOMETRÍA ANALÍTICA

Os vectores son unha magnífica ferramenta para o manexo da xeometría analítica:

- Resultan moi útiles para a obtención de puntos que cumpran certas propiedades: punto medio dun segmento, punto simétrico doutro respecto dun terceiro, cuarto punto dun paralelogramo do que se coñecen tres....
- A ecuación vectorial dunha recta é unha forma sinxela e clara de describirla. A partir dela obtéñense as ecuacións paramétricas, que, en definitiva, consisten na descrición vectorial mediante coordenadas. E destas pásase á ecuación implícita, que xa é habitual para estes estudantes.

Pero tamén é necesario que o alumnado afiance as súas destrezas no manexo das distintas expresións da recta sen ligalas aos vectores, pois a introdución destes novos elementos pode entrar en conflito coas expresións que xa se coñecían de anos atrás (pendente, ordenada na orixe, punto-pendente...).

UNIDADE 9: LUGARES XEOMÉTRICOS. CÓNICAS

Introduciremos as cónicas como resultado de intersecar un plano cunha superficie cónica. Ademais das catro familias de cónicas atoparémonos ao situar o plano todas as súas posibles posicións, puntos, rectas, pares de rectas..., é dicir, as *cónicas dexeneradas*. A continuación estudaremos as cónicas como lugares xeométricos, prestándolle especial atención á circunferencia.

BLOQUE 4: ANÁLISE

UNIDADE 10: FUNCIÓNS ELEMENTAIS

Empezaremos a unidade lembrando os conceptos básicos: función, dominio, percorrido, as diversas formas de definir unha función e as razóns que restrinxen o dominio de definición.

B d e g i l m	<p>Dependencia estatística e dependencia funcional</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudo de exemplos. <p>Distribucións bidimensionais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representación dunha distribución bidimensional mediante unha nube de puntos. Visualización do grao de relación que hai entre as dúas variables. <p>Correlación. Recta de regresión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Significado das dúas rectas de regresión. - Cálculo do coeficiente de correlación e obtención da recta de regresión dunha distribución bidimensional. - Utilización da calculadora en modo <i>LR</i> para o tratamento de distribucións bidimensionais. 	<p>B5.1</p> <p>B5.2</p> <p>B5.3</p> <p>B5.4</p> <p>B5.6</p> <p>B5.7</p> <p>B5.8</p> <p>B5.9</p> <p>B5.10</p>	<p>1. Coñecer as distribucións bidimensionais representalas e analízalas mediante o seu coeficiente de correlación. Saber valerse da calculadora para almacenar datos e calcular estes parámetros.</p>	<p>1.1. Avalía as representacións gráficas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, usando adecuadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.</p> <p>1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais.</p>	<p>1.1.1. . Representa mediante unha nube de puntos unha distribución bidimensional e avalía o grao e o signo da correlación que hai entre as variables. Interpreta nubes de puntos</p> <p>1.2.1. Coñece (con ou sen calculadora), calcula e interpreta a covarianza e o coeficiente de correlación dunha distribución bidimensional</p>	<p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CD,</p> <p>CAA,</p> <p>CSC,</p> <p>CSIEE,</p> <p>CCEC</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Utilización das distribucións bidimensionais para o estudo e interpretación de problemas sociolóxicos científicos ou da vida cotiá. <p>Táboas de dobre entrada</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación. Representación gráfica. - Tratamento coa calculadora. 		<p>2. Coñecer e obter as ecuacións (con e sen calculadora) das rectas de regresión dunha distribución bidimensional e utilízalas para realizar estimacións.</p>	<p>2.1. Obtén (con ou sen calculadora) a ecuación, a recta de regresión de Y sobre X e válese dela para realizar estimacións, tendo en conta a fiabilidade dos resultados.</p> <p>2.2. Coñece a existencia de dúas rectas de regresión, obténas e representa, e relaciona o ángulo entre ambas as dúas co valor da correlación.</p>	<p>2.1.1. Utiliza o método dos mínimos cadrados para calcular a recta de regresión Y sobre X. Calcula valores estimados de Y usando esa recta.</p> <p>2.2.1. Calcula analogamente a recta de regresión de X sobre Y e estudia as posicións das dúas rectas de regresión.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC</p>
			<p>3. Resolver problemas nos que os datos veñen dados en táboas de dobre entrada.</p>	<p>3.1. Resolve problemas nos que os datos veñen dados en táboas de dobre entrada.</p>	<p>3.1.1. Resolve problemas elaborando táboas de continxencia, calculando distribucións marxinais e condicionadas calculando os parámetros estatísticos e extraendo conclusións.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>

8.3. 2º BACHARELATO MATEMÁTICAS II

8.3.1. INTRODUCCIÓN.

Ademais do bloque de contidos referentes a PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES transversais a todas as unidades, podemos agrupar estas en catro grandes grupos.

BLOQUE 2. ÁLXEBRA

UNIDADE 1.- ÁLXEBRA DE MATRICES

Nesta unidade preséntanse as matrices como datos estruturados e, a continuación, afóndase nelas definindo unhas operacións que responden a útiles manipulacións coas que se conseguen resultados perfectamente identificables a partir dos datos dun problema. O cálculo da inversa dunha matriz cadrada polo método de Gauss, será explicado pero logo pouco usado porque en temas posteriores aparecerán mellores métodos para o seu cálculo.

O estudo do rango dunha matriz será moi útil para a discusión de sistemas de ecuacións. Para realizalo de forma adecuada foi necesario falar das n-uplas de números reais como vectores e da súa dependencia ou independencia lineal, adiantándonos así a un contido sobre o que se insistirá na unidade 4.

UNIDADE 2.-DETERMINANTES

O obxectivo desta unidade é que o estudante calcule determinantes de calquera orde e os aplique na obtención do rango dunha matriz. Comenzaremos polos determinantes de orden 2, logo os de orden 3, usando a regra de Sarraus, para rematar calculando determinantes de calquera orden desenrolándoo por unha fila ou unha columna., facendo fincapé no uso dos signos.

UNIDADE 3.- SISTEMAS DE ECUACIÓNS.

Partimos do feito de que os alumnos xa saben resolver sistemas por diferentes métodos,(substitución, igualación, redución), incluso coñecen o método de Gauss que agora llo explicaremos usando a matriz asociada ao sistema. Introduciremos novos método de resolución que o que fan e facilitarlle o traballo pero que son tan válidos uns métodos como outros. Tamen discutiremos sistemas en función de parámetros descoñecidos.

Aínda que o método de Gauss serve para decidir sobre a compatibilidade dun sistema, co teorema de Rouché, que se presenta nesta unidade, afróntase o estudo de sistemas de forma moito máis eficiente, apoiándonos nos rangos das matrices que interveñen.

A demostración da regra de Cramer realizámola para sistemas 4×4 . Pareceunos que é suficiente para apreciar todos os matices do proceso, evitando a complicada notación que esixe a versión $n \times n$. Unha vez que os estudantes se familiaricen coa regra de Cramer e a súa aplicación á resolución de ecuacións, aprenderán a escoller entre este método ou o de Gauss para resolver sistemas.

- Para resolver sistemas de ecuacións con coeficientes numéricos, con frecuencia é preferible o método de Gauss.
- Para discutir sistemas de ecuacións dependentes dun ou máis parámetros, case sempre é preferible recorrer aos determinantes, en maior medida cantas máis veces apareza o parámetro (ou os parámetros).

BLOQUE 3. XEOMETRÍA

UNIDADE 4.- VECTORES NO ESPAZO

Comézase a xeometría analítica construíndo todas as ferramentas vectoriais que se utilizarán nas unidades posteriores: manexo dos vectores mediante as súas coordenadas e os produtos escalar, vectorial e mixto, coas súas interesantes e útiles aplicacións xeométricas.

Lembramos algúns resultados xeométricos e trigonométricos básicos para o resto da unidade: volume dun paralelepípedo a partir das súas arestas e os ángulos que forman, e diagonal dun ortoedro. Lembramos as operacións con vectores e o seu significado xeométrico e introducimos as súas coordenadas, para o cal os estudantes repasan os conceptos de dependencia e independencia lineal, así como o de base.

Ao produto escalar e ao produto vectorial de dous vectores dedicámoslles, a cada un deles, un amplo apartado. É de corte teórico, no que se define e se interpreta o produto, e enúncianse e demostran as súas propiedades. De forma breve dedicase un apartado ao produto mixto, que resultará moi útil..

UNIDADE 5.-PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO ESPAZO

Nesta unidade trátanse, exclusivamente, problemas afíns: incidencia, corte e paralelismo.

Iníciase a unidade construíndo un sistema de referencia do espazo tridimensional a partir dunha base para os vectores que, case desde o primeiro momento, se supón ortonormal.

Formúlanse problemas que poden resolverse co uso directo dos vectores (aliñación de puntos, punto medio dun segmento, punto simétrico doutro).

O groso da unidade está dedicado á obtención das distintas formas das ecuacións de rectas e planos, e á súa utilización en problemas afíns.

Aínda que a perpendicularidade é unha propiedade métrica (non afín), mencionamos que na ecuación implícita do plano $ax + by + cz + d = 0$, o vector (a, b, c) é perpendicular a este (vector normal).

Pero este feito non se utiliza ata a unidade seguinte, salvo para caracterizar unha propiedade afín, o paralelismo de dous planos: dous planos son paralelos cando os seus vectores normais son proporcionais (paralelos).

UNIDADE 6.- PROBLEMAS MÉTRICOS

Calcúlanse distancias (entre dous puntos, dun punto a unha recta e dun punto a un plano) mediante procedementos sinxelos, utilizando o que o estudante aprendeu na unidade anterior, e introduciremos seguidamente novas e máis sofisticadas técnicas para abordar os problemas métricos.

O cálculo de ángulos é sinxelo: abonda que o estudante recoñeza o vector que determina a orientación de cada figura (recta \rightarrow vector director, plano \rightarrow vector normal), utilice o sentido común e aplique a expresión do coseno do ángulo de dous vectores.

A distancia dun punto a un plano pode acharse razoadamente (obtención da recta r que pasa por P e é perpendicular a π , intersección de r e π , etc), e é desexable que o estudante a calcule así nalgún caso. Pero é imprescindible que memorice a fórmula e acabe aplicándoa automaticamente (debe facérselle ver a similitude desta fórmula coa da distancia dun punto a unha recta no plano).

A distancia dun punto a unha recta e a de dúas rectas que se cruzan vense no libro do alumnado de tres formas distintas.

Os posibles problemas métricos son moitos e moi variados por iso se plantexan problemas resoltos e propostos variados.

Conclúese cunha breve exposición dalgúns lugares xeométricos no espazo, cun tratamento máis detallado da esfera.

BLOQUE 4. ANÁLISE

UNIDADE 7.- LÍMITES DE FUNCIÓNS. CONTINUIDADE

Neste curso afiánzanse os coñecementos básicos de límites e continuidade de funcións, xa estudados en primeiro curso e afóndase en varias liñas,(Máis rigor nos conceptos, máis amplitude nas técnicas para calcular límites de funcións, maior alcance na idea de continuidade, coa inclusión de varios teoremas (Bolzano, Weierstrass) sobre funcións continuas nun intervalo.

O cálculo de límites sistematízase cunha serie de resultados previos: operacións con límites finitos, comparación de infinitos (infinitos da mesma orde, infinitos de orde superior a outro), operacións con límites infinitos e tipos de indeterminacións.

Todos estes resultados poden ser moi intuitivos e así procuramos mostralos.

Con estes resultados, ademais da mellora no cálculo de límites indeterminados, débese conseguir que o estudante vexa de forma case inmediata eses límites nos que é suficiente apreciar resultados obvios entre límites finitos ou infinitos. As técnicas para o cálculo de límites complétanse coa regra de L'Hôpital.

UNIDADE 8.- DERIVADAS.

A unidade comeza asentando os conceptos básicos, a definición de derivada mediante o límite do cociente incremental, defínense as derivadas laterais e relaciónase derivabilidade con continuidade.Seguidamente defínense función derivada e derivadas sucesivas. A nomenclatura Df para referirnos á derivada de f é útil cando a función vén dada pola súa expresión analítica. O apóstrofo (') serve para modificar o nome .

Despois, a unidade continúa con todo o relativo ás técnicas de derivación. A proposta seguida para a aprendizaxe destas é o seguinte:

-Comezamos agora refrescándolle as regras coñecidas e ampliándollas con outras novas, recordándolle como se usan e propoñéndolle que as exercite resolvendo un bo número de exercicios.

-Apréndense algunhas técnicas especiais: como calcular a derivada dunha función coñecendo a da súa recíproca, como se derivan as funcións implícitas e, finalmente, a “derivación logarítmica”.

Por último, demóstranse todas as regras de derivación.

A unidade remata co estudo da diferencial dunha función. Este concepto e a nomenclatura a el asociada vai resultar moi útil no manexo das integrais.

Preténdese que o estudante se sinta capaz de achar a función derivada de calquera función elemental. De feito, na práctica da derivación irase moito máis alá do que estes alumnos e alumnas poidan necesitar.

UNIDADE 9.- APLICACIÓNS DAS DERIVADAS

As primeiras aplicacións da derivada que se ven nesta unidade son sinxelas e xa coñecidas polos estudantes. Neste curso revísanse ,complétanse e fundaméntanse con certo rigor:

- Recta tanxente a unha curva nun punto. Recta tanxente desde un punto exterior. Amplíase ao caso de funcións implícitas.
- Intervalos de crecemento e decrecemento. (Teorema do valor medio)
- Máximos e mínimos relativos

Ademais, estúdase a información que se pode obter da segunda derivada: concavidade, convexidade e puntos de inflexión.

Tamén se traballa nesta unidade a optimización de funcións. Ao estudante debe quedarlle moi claro que unha función definida nun pode alcanzar o máximo, o mínimo ou ambos os dous nos extremos deste.

Os teoremas de Rolle e do valor medio son de grande importancia, sobre todo para poder demostrar algúns resultados que relacionan o comportamento da primeira ou da segunda derivada coa forma da curva.Finalmente, a unidade remata coa xustificación da regra de L'Hôpital.

UNIDADE 10.- REPRESENTACIÓN DE FUNCIÓNS

En unidades anteriores, e tamén durante o curso pasado, aprendeuse unha serie de ferramentas para construír curvas.

Nesta unidade vanse a representar funcións que vén dadas pola súas expresións analíticas, facendo uso dos coñecementos coñecidos e estudados nas unidades anteriores

As alumnas e os alumnos deben acostumarse a reflexionarse antes de empezar a súa tarefa (a representación dunha curva concreta) preguntándose cales son as súas características e, polo tanto, que instrumentos deben utilizar e en que orde.

Un adestramento especial nalgúns tipos de funcións (polinómicas, racionais, trigonométricas, con radicais, exponenciais...) iraos familiarizando coas peculiaridades de cada unha delas. En moitos casos (funcións con radicais, por exemplo) o máis complicado é identificar as asíntotas oblicuas.

UNIDADE 11.- CÁLCULO DE PRIMITIVAS

O cálculo de primitivas sinxelas como proceso inverso ao da derivación é doado, pero require por parte de alumnos e alumnas atención e práctica.

Preténdese que, con paciencia e empeño, o alumno ou a alumna alcance a resolver as integrais sen axuda (ou acaso con pequenas axudas), aínda que nunca antes de que o intentase seriamente.

A notación diferencial permite tratar adecuadamente e con sentido algúns procedementos básicos para a integración, como son o cambio de variable e a integración por partes. Con ela pódese manexar de xeito perfectamente xustificando a notación habitual das integrais.

UNIDADE 12.- A INTEGRAL DEFINIDA

Hai multitude de funcións extraídas do mundo real para as cales a área baixo a curva que as representa ten unha importante significación práctica. Polo tanto, é interesante saber achar a área baixo a gráfica dunha función.

Para a boa comprensión da integral definida, consideramos imprescindible que o estudante:

- Se familiarice coa función área baixo a curva, $F(x)$, e a relacione coa función inicial, $f(x)$.
- Se convenza intuitivamente de que a rapidez de crecemento de $F(x)$ vén dada, precisamente, por $f(x)$.
- Chegue, pois, á convicción de que $F'(x) = f(x)$.

Unha vez adquirida esta intuición, o teorema fundamental do cálculo pódese enunciar e mesmo demostrar. A regra de Barrow é unha consecuencia inmediata que, para os estudantes, será un instrumento sinxelo e eficaz no cálculo de áreas e as súas correspondentes aplicacións.

Finalmente, amplíase o campo das integrais definidas co concepto de integral impropia e o cálculo dalgunhas delas; e inclúese unha versión sinxela e breve do método para calcular volumes de corpos de revolución.

BLOQUE 5: PROBABILIDADE

UNIDADE 13.- AZAR E PROBABILIDADE

Cremos importante que os alumnos e as alumnas deste nivel saiban que a probabilidade real dun suceso só se pode descubrir mediante experimentación. A lei de Laplace (ou a xeneralización dela que se realiza na resolución deste problema) é só aplicable a casos ideais. Cando a aplicamos a dados, moedas, naipes, urnas, estamos supoñendo que son correctos, é dicir, ideais.

Fundamentarase teoricamente o cálculo de probabilidades: álgebra de sucesos e estudo das leis da probabilidade inspiradas nas propiedades das frecuencias relativas.

A probabilidade condicionada, coa súa aplicación ás táboas de continxencia, sucesos dependentes e independentes, a fórmula da probabilidade total e a fórmula de Bayes completan o percorrido teórico desta unidade.

O máis importante desta, cremos, é a resolución de problemas de probabilidade polo método que sexa, con tal de que se faga de xeito comprensivo.

UNIDADE 14.- DISTRIBUCIÓN DE PROBABILIDADE

Para o estudo das distribucións de probabilidade son básicos os seguintes coñecementos:

- Ideas claras das distribucións estatísticas. Aínda que na ESO se dedica suficiente atención ás distribucións estatísticas, agora estes coñecementos poden estar algo esquecidos. Por iso, consideramos imprescindible comezar cun repaso dos aspectos máis importantes deles. Poñemos a énfase no distinto tratamento que se lles dá ás distribucións estatísticas de variable discreta, nas que a cada valor da variable se lle asigna unha frecuencia (graficamente, unha barra), e as distribucións de variable continua (ou de variable discreta con moitos valores agrupados en intervalos), onde a frecuencia se asigna a un intervalo (graficamente, un rectángulo cuxa área é proporcional á frecuencia). Repásase o cálculo dos parámetros.
- Cálculo de probabilidades en experiencias compostas. Viuse a fondo na unidade anterior.
- Números combinatorios. Viuse en 4.º de ESO e repásase aquí, coa terminoloxía $\binom{m}{n}$

Preséntanse as distribucións de probabilidade comparándoas coas distribucións estatísticas ou distribucións de frecuencias. Debe quedar claro que nas distribucións de probabilidade de variable discreta a probabilidade asignada a cada valor se representa pola altura dunha barra, mentres que nas de variable continua a probabilidade nun intervalo se representa mediante a área contida baixo a curva no intervalo correspondente, ao igual que sucede nas distribucións de frecuencias correspondentes.

Tamén é importante entender as definicións dos parámetros μ e σ nunha distribución de probabilidade de variable discreta como idealización dos correspondentes parámetros nas distribucións estatísticas, pasando das frecuencias relativas f_i/N ás probabilidades p_i .

A posibilidade do paso dunha binomial $B(n, p)$ a unha normal faise evidente coas gráficas que se mostran no libro do alumno. Para o cálculo de probabilidades neste caso, é imprescindible lembrar que a valores puntuais na binomial, $x = k$, lle corresponden intervalos na normal, $x' \in [k - 0,5; k + 0,5]$.

8.3.2. TÁBOAS DE CONTIDOS POR UNIDADES.

UNIDADE 1.- ÁLXEBA DE MATRICES.

1.TEMPORIZACIÓN: Esta unidade desenvolverase na 3ª e 4ª semanas de Setembro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOS O CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> . g . i 	<p>Matrices</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conceptos básicos: vector fila, vector columna, dimensión, matriz cadrada, trasposta, simétrica, triangular... <p>Operacións con matrices</p> <ul style="list-style-type: none"> - Suma, produto por un número, produto. Propiedades. <p>Matrices cadradas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Matriz unidade. - Matriz inversa doutra. - Obtención da inversa dunha matriz polo método de Gauss. - Resolución de ecuacións matriciais. <p>n-uplas de números reais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dependencia e independencia lineal. Propiedade fundamental. - Obtención dunha n-upla combinación lineal doutras. - Constatación de se un conxunto de n-uplas é LD ou LI. <p>Rango dunha matriz</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obtención do rango dunha matriz por observación dos seus elementos (en casos evidentes). - Cálculo do rango dunha matriz polo método de Gauss. - Discusión do rango dunha matriz dependente dun parámetro. 	<ul style="list-style-type: none"> . B2.1 . B2.2 . B2.4 . B2.5 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e utilizar eficazmente as matrices, as súas operacións e as súas propiedades. 2. Coñecer o significado de rango dunha matriz e calculalo mediante o método de Gauss. 3. Resolver problemas alxébricos mediante matrices e as súas operacións. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Realiza operacións combinadas con matrices. 2.1. Calcula o rango dunha matriz numérica. 2.2. Relaciona o rango dunha matriz coa dependencia lineal das súas filas ou as súas columnas. 3.1. Expresa un enunciado mediante unha relación matricial, resólveo e interpreta a solución dentro do contexto do enunciado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.- CMCT, CAA 2.- CMCT, CAA, CSIEE 3.- CCL, CMCT, CD 	<p>Será capaz de utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais..</p> <p>Realizará operacións con matrices e aplicará as distintas propiedades.</p> <p>Aplica o método de Gauss para o calculo do rango.</p> <p>Entende os conceptos de dependencia e independencia lineal.</p>

UNIDADE 2.- DETERMINANTES

1.TEMPORIZACIÓN: Esta unidade desenvolverase na 1ª e 2ª semanas de Outubro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOS O CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
. e . i	<p>Determinantes de ordes dous e tres</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinantes de orde dous. Propiedades. - Determinantes de orde tres. Propiedades. - Cálculo de determinantes de orde tres pola regra de Sarrus. <p>Determinantes de orde n</p> <ul style="list-style-type: none"> - Menor dunha matriz. Menor complementario e adxunto dun elemento dunha matriz cadrada. Propiedades. - Desenvolvemento dun determinante polos elementos dunha liña. - Cálculo dun determinante “facendo ceros” nunha das súas liñas. - Aplicacións das propiedades dos determinantes no cálculo destes e na comprobación de identidades. <p>Rango dunha matriz mediante determinantes</p> <ul style="list-style-type: none"> - O rango dunha matriz como a máxima orde dos seus menores non nulos. - Determinación do rango dunha matriz a partir dos seus menores. <p>Cálculo da inversa dunha matriz</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión da inversa dunha matriz a partir dos adxuntos dos seus elementos. - Cálculo da inversa dunha matriz mediante determinantes 	. B2.3 . B2.4 . B2.5	<p>1. Dominar o automatismo para o cálculo de determinantes.</p> <p>2. Coñecer as propiedades dos determinantes e aplicalas para o cálculo destes.</p> <p>3. Coñecer a caracterización do rango dunha matriz pola orde dos seus menores, e aplicala a casos concretos.</p> <p>4. Calcular a inversa dunha matriz mediante determinantes.</p>	<p>1.1. Calcula o valor numérico dun determinante ou obtén a expresión dun determinante 3x3 con algunha letra.</p> <p>2.1. Obtén o desenvolvemento (ou o valor) dun determinante no que interveñen letras, facendo uso razoado das propiedades dos determinantes.</p> <p>2.2. Recoñece as propiedades que se utilizan nas igualdades entre determinantes.</p> <p>3.1. Acha o rango dunha matriz numérica mediante determinantes.</p> <p>3.2. Discute o valor do rango dunha matriz na que intervén un parámetro.</p> <p>4.1. Recoñece a existencia ou non da inversa dunha matriz e calcúlala no seu caso..</p>	<p>1.- CMCT,</p> <p>2.- CD CCL, CMCT</p> <p>3.- CMCT, CSIEE</p> <p>4.- CMCT, CAA</p>	<p>Determina o rango dunha matriz ata orden 4 usando os determinantes.</p> <p>Calcula o rango dunha matriz, e relaciónao coa dependencia ou independencia lineal das súas columnas e filas, usando determinantes.</p> <p>Analiza se unha matriz pode ter inversa e calcúlala se é o caso usando os determinantes</p>

UNIDADE 3.- SISTEMAS DE ECUACIONES

1.TEMPORIZACIÓN:Esta unidade desenvolverase na 3ª e 4ª semanas de Outubro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOSO CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • e • i 	<p>Sistemas de ecuacións lineais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sistemas equivalentes. - Transformacións que manteñen a equivalencia. - Sistema compatible, incompatible, determinado, indeterminado. - Interpretación xeométrica dun sistema de ecuacións con dous ou tres incógnitas segundo sexa compatible ou incompatible, determinado ou indeterminado. <p>Método de Gauss</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudo e resolución de sistemas polo método de Gauss. <p>Teorema de Rouché</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación do teorema de Rouché á discusión de sistemas de ecuacións. <p>Regra de Cramer</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación da regra de Cramer á resolución de sistemas. <p>Sistemas homoxéneos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de sistemas homoxéneos. <p>Discusión de sistemas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación do teorema de Rouché e da regra de Cramer á discusión e a resolución de sistemas dependentes dun ou máis parámetros. 	<p>. B2.6</p>	<p>1.- Dominar os conceptos e a nomenclatura asociados aos sistemas de ecuacións e as súas solucións (compatible, incompatible, determinado, indeterminado), e interpretalos xeometricamente para 2 e 3 incógnitas.</p> <p>2.- Coñecer e aplicar o método de Gauss para estudar e resolver sistemas de ecuacións lineais.</p> <p>3.- Coñecer o teorema de Rouché e a regra de Cramer e utilízalos para a discusión e a resolución de sistemas de ecuacións.</p> <p>4.- Resolver matricialmente sistemas $n \times n$ mediante a obtención da inversa da matriz dos coeficientes.</p> <p>5.- Resolver problemas alxébricos mediante sistemas de ecuacións.</p>	<p>1.1.- Coñece o que significa que un sistema sexa incompatible ou compatible, determinado ou indeterminado, e aplica este coñecemento para formar un sistema de certo tipo ou para recoñecelo.</p> <p>1.2.- Interpreta xeometricamente sistemas lineais de 2, 3 ou 4 ecuacións con 2 ou 3 incógnitas.</p> <p>2.1.- Resolve sistemas de ecuacións lineais polo método de Gauss.</p> <p>3.1.- Aplica o teorema de Rouché para dilucidar como é un sistema de ecuacións lineais con coeficientes numéricos.</p> <p>3.2.- Aplica a regra de Cramer para resolver un sistema de ecuacións lineais, 2×2 ou 3×3, con solución única.</p> <p>3.3.- Cataloga como é (teorema de Rouché) e resolve, se é o caso, un sistema de ecuacións lineais con coeficientes numéricos.</p> <p>3.4.- Discute e resolve un sistema de ecuacións dependente dun parámetro.</p> <p>4.1.- Expresa matricialmente un sistema de ecuacións e, se é posible, resólveo achando a inversa da matriz dos coeficientes.</p> <p>5.1.- Expresa alxebricamente un enunciado mediante un sistema de ecuacións, resólveo e interpreta a solución dentro do contexto do enunciado.</p>	<p>1.-CMCT, CCL</p> <p>2.-CMCT, CEC</p> <p>3.- CMCT, SIEE</p> <p>4.- CMCT, CAA</p> <p>5.- CMCT, CCL</p>	<p>Discute razoadamente se un sistema é incompatible ou compatible, determinado ou indeterminado.</p> <p>Interpreta xeométricamente sistemas de 2, 3 ou 4 ecuacións con 2 ou 3 incógnitas.</p> <p>Resolve sistemas polo método de Gauss e aplicando a regra de Cramer.</p> <p>Aplica o teorema de Rouché.</p> <p>Discute sistemas dependentes de parámetros</p> <p>Resolve un sistema usando a inversa da matriz de coeficientes</p> <p>Aplica os contidos do tema para resolver problemas interpretando as solucións dentro dun contexto.</p>

UNIDADE 4.- VECTORES NO ESPAZO

1.TEMPORALIZACIÓN:Esta unidade desenvolverase na 1ª e 2ª semanas de Novembro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOSO CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
.i	<p>Vectores no espazo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operacións. Interpretación gráfica. - Combinación lineal. - Dependencia e independencia lineal. - Base. Coordenadas. <p>Produto escalar de vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica. - Cálculo do módulo dun vector. - Obtención dun vector coa dirección doutro e módulo predeterminado. - Obtención do ángulo formado por dous vectores. - Identificación da perpendicularidade de dous vectores. - Cálculo do vector e proxección dun vector sobre a dirección doutro. <p>Produto vectorial de vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica. - Obtención dun vector perpendicular a outros dous. - Cálculo da área do paralelogramo determinado por dous vectores. <p>Produto mixto de tres vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica. - Cálculo do volume dun paralelepípedo determinado por tres vectores. 	. B4.1	1. Coñecer os vectores do espazo tridimensional e as súas operacións, e utilízalos para a resolución de problemas xeométricos.	<p>1.1.- Realiza operacións elementais (suma e produto por un número) con vectores, dados mediante as súas coordenadas, comprendendo e manexando correctamente os conceptos de dependencia, independencia lineal, e o de base.</p> <p>1.2.- Domina o produto escalar de dous vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades, e aplícao á resolución de problemas xeométricos (módulo dun vector, ángulo de dous vectores, vector proxección dun vector sobre outro e perpendicularidade de vectores).</p> <p>1.3.- Domina o produto vectorial de dous vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades, e aplícao á resolución de problemas xeométricos (vector perpendicular a outros dous, área do paralelogramo determinado por dous vectores).</p> <p>1.4.- Domina o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades, e aplícao á resolución de problemas xeométricos (volume do paralelepípedo determinado por tres vectores, decisión de se tres vectores son linealmente independentes).</p>	1.- CCL, CAA, CMCT	Realiza operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal. Define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo. Utiliza a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos..

UNIDADE 5.- PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO ESPAZO

1.TEMPORIZACIÓN: Esta unidade desenvolverase na 3ª e 4ª semanas de Novembro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOSO CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
. i	<p>Sistema de referencia no espazo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordenadas dun punto. - Representación de puntos nun sistema de referencia ortonormal. <p>Aplicación dos vectores a problemas xeométricos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Punto que divide a un segmento nunha razón dada. - Simétrico dun punto respecto a outro. - Comprobación de se tres ou máis puntos están aliñados. <p>Ecuacións dunha recta</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións vectorial, paramétricas, continua e implícita da recta. - Estudo das posicións relativas de dúas rectas. <p>Ecuacións dun plano</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións vectorial, paramétricas e implícita dun plano. <p>Vector normal.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudo da posición relativa de dous ou máis planos. - Estudo da posición relativa dun plano e unha recta 	<ul style="list-style-type: none"> . B4.2 . B4.3 	<p>1.- Utilizar un sistema de referencia ortonormal no espazo e, nel, resolver problemas xeométricos facendo uso dos vectores cando conveña.</p> <p>2.- Dominar as distintas formas de ecuacións de rectas e de planos, e utilízalas para resolver problemas afíns: pertenza de puntos a rectas ou a planos, posicións relativas de dúas rectas, de recta e plano, de dous planos...</p>	<p>1.1.- Representa puntos de coordenadas sinxelas nun sistema de referencia ortonormal.</p> <p>1.2.- Utiliza os vectores para resolver algúns problemas xeométricos: puntos de división dun segmento en partes iguais, comprobación de puntos aliñados, simétrico dun punto respecto a outro...</p> <p>2.1.- Resolve problemas afíns entre rectas (pertenza de puntos, paralelismo, posicións relativas) utilizando calquera das expresións (paramétricas, implícita, continua...).</p> <p>2.2.-Resolve problemas afíns entre planos (pertenza de puntos, paralelismo...) utilizando calquera das súas expresións (implícita ou paramétricas).</p> <p>2.3.- Resolve problemas afíns entre rectas e planos.</p>	<p>1.- CMCT, CAA</p> <p>2.- CCL, CMCT</p>	<p>Expresa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas.</p> <p>Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os elementos característicos</p> <p>Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.</p>

UNIDADE 6.- PROBLEMAS MÉTRICOS

1.TEMPORIZACIÓN:Esta unidade desenvolverase na 1ª e 2ª semanas de Decembro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOS O CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
.i	<p>Ángulos entre rectas e planos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vector dirección dunha recta e vector normal a un plano. - Obtención do ángulo entre dúas rectas, entre dous planos ou entre recta e plano. <p>Distancia entre puntos, rectas e planos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da distancia entre dous puntos. - Cálculo da distancia dun punto a unha recta por diversos procedementos. - Distancia dun punto a un plano mediante a fórmula. - Cálculo da distancia entre dúas rectas por diversos procedementos. <p>Área dun triángulo e volume dun tetraedro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da área dun paralelogramo e dun triángulo. - Cálculo do volume dun paralelepípedo e dun tetraedro. <p>Lugares xeométricos no espazo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plano mediador dun segmento. - Plano bisector dun ángulo diedro. - Algunhas cuádricas (esfera, elipsoide, hiperboloide, paraboloides) como lugares xeométricos. - Obtención do centro e do raio dunha esfera dada mediante a súa ecuación. 	. B4.4	<p>1.- Obter o ángulo que forman dúas rectas, unha recta e un plano ou dous planos.</p> <p>2.- Achar a distancia entre dous puntos, dun punto a unha recta, dun punto a un plano ou entre dúas rectas que se cruzan.</p> <p>3.- Achar áreas e volumes utilizando o produto vectorial ou o produto mixto de vectores.</p> <p>4.- Resolver problemas métricos variados.</p> <p>5.- Obter analiticamente lugares xeométricos.</p>	<p>1.1.- Calcula os ángulos entre rectas e planos. Obtén unha recta ou un plano coñecendo, como un dos datos, o ángulo que forma con outra figura (recta ou plano).</p> <p>2.1.- Acha a distancia entre dous puntos ou dun punto a un plano.</p> <p>2.2.- Acha a distancia dun punto a unha recta mediante o plano perpendicular á recta que pasa polo punto, ou ben facendo uso do produto vectorial.</p> <p>2.3.- Acha a distancia entre dúas rectas que se cruzan, xustificando o proceso seguido.</p> <p>3.1.- Acha a área dun paralelogramo ou dun triángulo.</p> <p>3.2.- Acha o volume dun paralelepípedo ou dun tetraedro.</p> <p>4.1.- Acha o simétrico dun punto respecto dunha recta ou dun plano.</p> <p>4.2.- Resolve problemas xeométricos nos que interveñan perpendicularidades, distancias, ángulos, incidencia, paralelismo...</p> <p>5.1.- Obtén a expresión analítica dun lugar xeométrico espacial definido por algunha propiedade, e identifica a figura de que se trata.</p> <p>5.2.- Escribe a ecuación dunha esfera a partir do seu centro e o seu raio, e reconece o centro e o raio dunha esfera dada pola súa ecuación.</p> <p>5.3.- Relaciona a ecuación dun elipsoide, hiperboloide ou paraboloides coa súa representación gráfica.</p>	<p>1.- CMCT, CCL</p> <p>2.- CMCT, CSIEE</p> <p>3.- CMCT, CAA</p> <p>4.- CMCT, CCEC</p> <p>5.- CMCT, CSIEE</p>	<p>Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos</p>

UNIDADE 7.- LÍMITES DE FUNCÍONS. CONTINUIDADE

1.TEMPORIZACIÓN:Esta unidade desenvolverase na 2ª e 3ª semanas de Xaneiro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOS O CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
. i	<p>Límite dunha función</p> <ul style="list-style-type: none"> - Límite dunha función cando $x \rightarrow \pm\infty$ ou $x \rightarrow a$ - Representación gráfica. - Límites laterais. - Operacións con límites finitos. <p>Exposicións infinitas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Infinitos da mesma orde. - Infinito de orde superior a outro. - Operacións con expresións infinitas. <p>Cálculo de límites</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de límites inmediatos (operacións con límites finitos evidentes ou comparación de infinitos de distinta orde). - Indeterminación. Expresións indeterminadas. - Cálculo de límites cando $x \rightarrow +\infty$, $x \rightarrow -\infty$ - Cocientes de polinomios ou doutras expresións infinitas. - Diferenzas de expresións infinitas. - Potencias. Número e - Cálculo de límites cando $x \rightarrow a^-$, $x \rightarrow a^+$ e $x \rightarrow a$:(Cocientes. Diferenzas. Potencias) <p>Regra de L'Hôpital</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de límites mediante a regra de L'Hôpital. <p>Continuidade. Descontinuidades</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuidade nun punto. Tipos de descontinuidade. <p>Continuidade nun intervalo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Teoremas de Bolzano, Darboux e Weierstrass. - Aplicación do teorema de Bolzano para detectar a existencia de raíces e para separalas. 	. B3.1	<p>1.- Dominar o concepto de límite nas súas distintas versións, coñecendo a súa interpretación gráfica e o seu enunciado preciso.</p> <p>2.- Calcular límites de todo tipo.</p> <p>3.- Coñecer o concepto de continuidade nun punto e os distintos tipos de descontinuidades.</p> <p>4.- Coñecer a regra de L'Hôpital e aplicala ao cálculo de límites.</p> <p>5.- Coñecer o teorema de Bolzano e aplicalo para probar a existencia de raíces dunha función.</p>	<p>1.1. A partir dunha expresión do tipo $\lim_{x \rightarrow \alpha} f(x) = \beta$; α pode ser $+\infty$, $-\infty$, a^-, a^+ ou a; e β pode ser $+\infty$, $-\infty$, ou l representaa graficamente e describe correctamente a propiedade que o caracteriza (dado un $\varepsilon > 0$ existe un δ, ou ben, dado k existe h).</p> <p>2.1. Calcula límites inmediatos que só requiran coñecer os resultados operativos e comparar infinitos.</p> <p>2.2. Calcula límites ($x \rightarrow +\infty$, ou $x \rightarrow -\infty$) de cocientes ou de diferenzas.</p> <p>2.3. Calcula límites ($x \rightarrow +\infty$, ou $x \rightarrow -\infty$) de potencias.</p> <p>2.4. Calcula límites ($x \rightarrow C$) de cocientes, distinguindo, se o caso o esixe, cando $x \rightarrow C^+$ e cando $x \rightarrow C^-$.</p> <p>2.5.- Calcula límites ($x \rightarrow C$) de potencias.</p> <p>3.1.- Recoñece se unha función é continua nun punto ou o tipo de descontinuidade que presenta nel.</p> <p>3.2.- Determina o valor dun ou dous parámetros para que unha función definida "a anacos" sexa continua no "punto (ou puntos) de empalme".</p> <p>4.1.- Calcula límites aplicando a regra de L'Hôpital.</p> <p>5.1.- Enuncia o teorema de Bolzano nun caso concreto e aplica á separación de raíces dunha función.</p>	<p>1.- CCL, CMCT</p> <p>2.- CMCT, CAA</p> <p>3.- CMCT, CSIEE</p> <p>4.- CCL, CMCT, CAA</p> <p>5.- CCL, CMCT, CSIEE</p>	<p>Coñece as propiedades de funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de descontinuidade. Aplica os conceptos de límite á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados</p>

UNIDADE 8.- DERIVADAS.

1.TEMPORIZACIÓN:Esta unidade desenvolverase na 4ª semana de Xaneiro e a1ª de Febreiro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE/GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOSO CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
. i	<p>Derivada dunha función nun punto</p> <ul style="list-style-type: none"> - Taxa de variación media. - Derivada dunha función nun punto. Interpretación. <p>Derivadas laterais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obtención da derivada dunha función nun punto a partir da definición. <p>Función derivada</p> <ul style="list-style-type: none"> - Derivadas sucesivas. - Representación gráfica aproximada da función derivada doutra dada pola súa gráfica. - Estudo da derivabilidade dunha función nun punto estudando as derivadas laterais. <p>Regras de derivación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Regras de derivación das funcións elementais e dos resultados operativos. - Derivada da función inversa doutra. - Derivada dunha función implícita. - Derivación logarítmica. <p>Diferencial dunha función</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de diferencial dunha función. - Aplicacións. 	. B3.2	<p>1.-Dominar os conceptos asociados á derivada dunha función: derivada nun punto, derivadas laterais, función derivada...</p> <p>2.-Coñecer as regras de derivación e utilízalas para achar a función derivada doutra.</p>	<p>1.1.- Asocia a gráfica dunha función á da súa función derivada.</p> <p>1.2.- Acha a derivada dunha función nun punto a partir da definición.</p> <p>1.3.- Estuda a derivabilidade dunha función definida “a anacos”, recorrendo ás derivadas laterais no “punto de empalme”.</p> <p>2.1.- Acha as derivadas de funcións non triviais.</p> <p>2.2.- Utiliza a derivación logarítmica para achar a derivada dunha función que o requira.</p> <p>2.3.- Acha a derivada dunha función coñecendo a da súa inversa.</p> <p>2.4.- Acha a derivada dunha función implícita..</p>	<p>1.- CCL, CMCT, CAA, CD</p> <p>2.- CCL, CMCT, CAA, CSIEE, CD</p>	Calcula derivadas das funcións usando a definición e aplicando as regras de derivación.

UNIDADE 9.- Aplicacións das derivadas

1.TEMPORIZACIÓN:Esta unidade desenvolverase na 2ª e 3ª semanas de Febreiro.

2.OBXECTIVOS/CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CONTIDOS REFERIDOSO CURRÍCULO	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
i	<ul style="list-style-type: none"> Mostraxe. Tipos de mostraxe aleatoria. Estatística inferencial. Estimación puntual e estimación por intervalos. Intervalo de confianza. Nivel de confianza. Descrición de como inflúe o tamaño da mostra nunha estimación: como varían o intervalo de confianza e o nivel de confianza. Intervalo de confianza para a media e a varianza. Intervalos de confianza para unha proporción. Contraste de hipóteses para a media, a varianza e para unha proporción. Erros do tipo I e II. Nivel de significación.Potencia dun contraste. Relación entre contrastes de hipóteses e intervalos de confianza. Contraste de hipóteses para a media, a varianza e para unha proporción. Erros do tipo I e II. Nivel de significación.Potencia dun contraste. Relación entre contrastes de hipóteses e intervalos de confianza. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer o papel das mostras, as súas características, o proceso da mostraxe e algúns dos distintos modos de obter mostras aleatorias (sorteo, sistemático, estratificado). Coñecer e aplicar o teorema central do límite para describir o comportamento das medias e das varianzas das mostras de un certo tamaño extraídas dunha poboación de características coñecidas. Coñecer, comprender e aplicar a relación que existe entre o tamaño da mostra, o nivel de confianza e o erro máximo admisible na construción de intervalos de confianza para a media e a varianza. Coñecer, comprender e aplicar as características da distribución das proporcións muestrais e calcular probabilidades relativas a elas. Coñecer, comprender e aplicar a relación que existe entre o tamaño da mostra, o nivel de confianza e o erro máximo admisible na construción de intervalos de confianza para unha proporción. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixado. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe, calculando os elementos básicos, o proceso para realizar unha mostraxe por sorteo, sistemático ou estratificado. Describe a distribución das medias muestrais, varianza e proporcións correspondentes a unha poboación coñecida (con $n \geq 30$ ou ben coa poboación normal), e calcula probabilidades relativas a elas. Calcula o intervalo característico correspondente ás medias, varianzas e proporcións de certo tamaño extraídas dunha certa poboación e correspondente a unha probabilidade. Constrúe un intervalo de confianza para a media ,para a varianza e para as proporcións coñecendo o tamaño da mostra e o nivel de confianza. Calcula o tamaño da mostra ou o nivel de confianza cando se coñecen os demais elementos do intervalo. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende vos erros de tipo I e de tipo II, e define ou nivel de significación e a potencia do contraste. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe, calculando os elementos básicos, o proceso para realizar unha mostraxe por sorteo, sistemático ou estratificado. Describe a distribución das medias muestrais, varianza e proporcións correspondentes a unha poboación coñecida (con $n \geq 30$ ou ben coa poboación normal), e calcula probabilidades relativas a elas. Calcula o intervalo característico correspondente ás medias, varianzas e proporcións de certo tamaño extraídas dunha certa poboación e correspondente a unha probabilidade. Constrúe un intervalo de confianza para a media ,para a varianza e para as proporcións coñecendo o tamaño da mostra e o nivel de confianza. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende vos erros de tipo I e de tipo II, e define ou nivel de significación e a potencia do contraste. 	CMCCT CAA

UNIDADE 5: CADEAS DE MARKOV.

1. TEMPORALIZACIÓN: 3 SEMANAS

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDARES	COMPET. CLAVE
i l	<ul style="list-style-type: none"> • Cadeas de Markov. Distribucións estacionarias. • Cadeas absorbentes. • Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades de dous estados en cadeas de Markov. 	<ul style="list-style-type: none"> • Modelar situacións contextualizadas dous mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Modelar situacións contextualiza dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados 	CMCCT

2.OBXECTIVOS/ CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE

UNIDADE 6: SERIES TEMPORAIS.

1.TEMPORALIZACIÓN: 3 SEMANAS

2.OBXECTIVOS/ CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE

	Contidos da unidade	Criterios de avaliación	Estándares	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
I L	<ul style="list-style-type: none"> • Series de tempo: compoñentes. • Curva de tendencia. • Determinación de curvas de tendencia por diversos métodos como o axuste por mínimos cadrados. • Índice estacional. • Índices cíclicos. • Variación irregular. 	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, as compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas. 	CCL CMCCT

UNIDADE 7: PROGRAMACIÓN LINEAR.

1. TEMPORALIZACIÓN: 3 SEMANAS

2.OBXECTIVOS/ CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE ESTÁNDARES	COMPET. CLAVE
i l	<ul style="list-style-type: none"> • Elementos básicos - Función obxectivo. - Definición de restricións. - Rexión de validez. • Representación gráfica dun problema de programación lineal • Representación gráfica das restricións mediante semiplanos. • Representación gráfica do recinto de validez mediante intersección de semiplanos. • Situación da función obxectivo sobre o recinto de validez para atopar a solución factible. • Álgebra e programación lineal. • Tradución á linguaxe alxebraica de enunciados susceptibles de ser interpretados como problemas de programación lineal e a súa resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica utilizando técnicas de programación lineal. • Interpretación das solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve problemas provintes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con sultura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpretar os resultados obtidos no contexto do problema formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións obtidas. 	CMCCT CAA CSC

UNIDADE 8: RESOLUCIÓNS DE ECUACIÓNS.

1. TEMPORALIZACIÓN: 3 SEMANAS

2. OBXECTIVOS/ CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE ESTÁNDARES	COMPET. CLAVE
i l	<ul style="list-style-type: none"> Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo. Converxencia. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita. Métodos de resolución de sistemas lineais. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies. 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles. 	<ul style="list-style-type: none"> Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida. Calcula áreas utilizando métodos numéricos. 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles. 	CMCCT CSIEE

UNIDADE 9: INTERPOLACIÓN.

1. TEMPORALIZACIÓN: 3 SEMANAS

2. OBXECTIVOS/ CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/ GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE ESTÁNDARES	COMPET. CLAVE
i l	<ul style="list-style-type: none"> Polinomios de interpolación Interpolación linear. Polinomios interpoladores de Newton, Lagrange, Newton para puntos equidistantes. Polinomio de Taylor. Fórmula de Taylor con resto. 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos. An 	<ul style="list-style-type: none"> Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos. 	CMCCT

11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión e a argumentación, así como a educación en valores e o uso as tecnoloxías da información e a comunicación, abórdanse dun xeito transversal ao longo de todo o curso. A concreción deste tratamento atópase na programación de cada unidade didáctica. No entanto, dun xeito xeral, apuntamos as seguintes liñas de traballo:

Comprensión lectora: poñerase a disposición do alumnado unha selección de textos sobre os que se traballará a comprensión, serán textos de tipo histórico, biografías, anécdotas, paradoxas, acertixos, noticias, artigos de prensa, etc., así como enunciados de problemas de toda índole, facilitando así a mellora das estratexias de resolución de problemas.

Expresión oral e escrita: os debates na aula e o traballo colaborativo son, entre outros, momentos a través dos cales os alumnos deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas. Estes terán que comprender e interpretar os datos que se proporcionan e expresar correctamente as conclusións ás que se chega tralo estudo das cuestións suscitadas.

TIC: o uso das tecnoloxías da información e a comunicación estará presente en todo momento, xa que a nosa metodoloxía didáctica incorpora o emprego destes recursos, dun xeito activo por parte do alumno.

Educación en valores: o traballo colaborativo, un dos alicerces do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Neste sentido, alentaremos o rexeitamento da discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitarase calquera tipo de violencia, en especial a violencia de xénero, a violencia contra as persoas con discapacidade, a violencia terrorista e calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Emprendemento: a sociedade actual demanda acodes que saiban traballar en equipo. Os centros educativos impulsarán o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, toma de decisións en común, a valoración e o respecto das opinións dos demais.

12. AVALIACIÓN

12.1. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS XERAIS DE AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado require recoller información sobre a súa aprendizaxe dun xeito continuo ao longo do curso. É preciso determinar os procedementos mediante os que se vai a obter a información necesaria para realizar dita avaliación. Estes procedementos constan de técnicas (métodos para avaliar) e instrumentos (ferramentas para o rexistro do observado). Como técnicas serán empregadas as seguintes:

MÉTODOS	INSTRUMENTOS
Análise de producións dos alumnos/as	Caderno de clase: <ul style="list-style-type: none">• permite observar a comprensión e a expresión escrita,• resolución e corrección exercicios e problemas• deberes: realización e corrección. Probas orais: ao longo da clase realízanse preguntas orais ao alumnado sobre os contidos que se estean tratando fomentando así a súa participación ordenada e coñecendo a evolución do proceso de aprendizaxe.
Probas específicas	<ul style="list-style-type: none">• Probas escritas: realización do exame escrito que ten normalmente ten lugar ao finalizar cada unidade.

12.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento acordou asignar aos procedementos anteriores as seguintes ponderacións:

Probas escritas.....90 %
Análise de produción dos alumnos/as.....10 %

As normas e criterios xerais de corrección, serán as seguintes:

- En cada trimestre realizaranse as probas escritas que se consideren oportunas, que se basearán nos estándares de aprendizaxe das unidades traballadas.
- En todos os exames figurará a puntuación outorgada a cada pregunta ou exercicio así como a ponderación do exame dentro da avaliación.
- A cualificación de cada proba será un valor numérico de 0 a 10.
- A **nota** das probas escritas ou orais de cada avaliación, **obterase da media ponderada** das probas realizadas ao longo da avaliación.
- Para **aprobar a avaliación** a **nota** obtida (10%O + 90%P) **igual ou superior a 5**.
- Aos **alumnos que suspendan un trimestre** daráselle **material** para que poidan **reforzar os estándares non adquiridos** e poder **recuperar** esa parte en **xuño ou maio no caso de 2º Bacharelato**.
- A **nota final** que aparecerá no boletín **da convocatoria ordinaria**, será a **media ponderada das notas das tres avaliacións**. Para que un **alumno aprobe**, **esta media deberá ser igual ou superior a 5**.
- Alumnos con **media final inferior a 5**
 - que **teñan dúas avaliacións aprobadas**, poderán realizar unha **recuperación da avaliación que teñan suspensa**.
 - que **teñan dúas ou tres avaliacións suspensas**, terán opción de recuperar a materia coa realización dunha **proba global que poderá incluír todos os estándares de aprendizaxe de todo o curso**.
- A incomparecencia non xustificada (sen documento oficial) pode ser motivo de suspenso no trimestre. Pola contra, non caso de no poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor pode establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que teña do alumno ata ese momento.
- **Copiar nun exame** suporá a **unha cualificación de 0 nesa proba**.
- **Proba extraordinaria**: Os alumnos que non superen a materia **na convocatoria ordinaria**, terán dereito á realización dunha proba extraordinaria **a finais do mes de xuño**. Os exames serán únicos para os alumnos/as dun mesmo nivel. Nesta proba avaliaranse os estándares de aprendizaxe que se traballaron durante o curso.
Para facilitar a preparación da proba **proporcionámoslle** ao alumnado exercicios de reforzo non avaliábeles.
Para que un alumno supere a materia **na convocatoria extraordinaria**, a nota desta proba deberá ser igual ou superior a 5.

13. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

13.1. ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE DOUTROS CURSOS

O plan de traballo que seguiremos co alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase da seguinte forma:

- Propóranse, aos alumnos pendentes, dous bloques de traballo ao longo do curso. Cada bloque de traballo iráselle dando ao alumno ao longo das correspondentes avaliacións. O alumno debe devolverlle os exercicios resoltos ao profesor para que este lle de a seguinte parte. Cada traballo consistirá nunha colección de exercicios e problemas que o alumnado deberá realizar e entregar, nas datas que se indiquen.
- Unha vez entregado o primeiro traballo realizará unha proba escrita, nas datas marcadas pola xefatura de estudos, na que se proporá que realice uns exercicios e problemas entre os propostos no primeiro traballo.
- Analogamente, unha vez entregado o segundo traballo realizará unha proba escrita, nas datas marcadas pola xefatura de estudos, na que se proporá que realice uns exercicios e problemas entre os propostos no segundo traballo.
- Este segundo exame terá carácter global ou de recuperación da primeira parte de ser necesario. En cada caso a proba constará de exercicios e problemas dos traballos correspondentes.

En calquera caso a cualificación na proba escrita de 4 puntos ou máis e o traballo entregado correctamente e en prazo, suporá a superación da parte correspondente.

Os traballos quedarán arquivados no Departamento ata final de curso.

Os profesores do Departamento que teñan na súa clase ao alumno ou alumna no curso 2018-2019 serán os encargados, coordinados polo xefe do Departamento, de:

1. Entregarlle, nas datas que se indican, os enunciados dos exercicios e problemas de cada un dos traballos.
2. Aclararlle as dúbidas que teña ao tratar de resolvelos.
3. Colaborar co xefe de departamento na elaboración e na corrección das probas.

Calquera dúbida referente aos exercicios do traballo pode ser consultada ao profesor ou profesora do curso actual do alumno pendente ou a xefe do departamento.

Os contidos que formarán parte de cada traballo, as datas de entrega e recepción dos traballos serán fixadas polo departamento de acordo coa planificación da Xefatura de Estudos ao principio do curso.

13.2. PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Os alumnos que repitan curso recibirán un tratamento específico como se indica a continuación:

- Si o alumno/a repite curso pero as matemáticas aprobounas no curso anterior non será obxecto de ningunha atención especial, xa que se entende que ten a capacidade suficiente para superar a materia.

- Si o alumno/a repetidor ten as matemáticas suspensas no curso anterior pero segue a marcha do curso de forma adecuada, superando os trimestres normalmente (cos controis, traballos e recuperacións habituais) non se tomará tampouco ningunha medida excepcional. Consideramos que é importante que o alumno/a aprenda a superar as dificultades pola súa conta, adaptándose ás novas circunstancias.

14. METODOLOXÍA

14.1 FACTORES QUE MOTIVAN A METODOLOXÍA

Á hora de elaborar a metodoloxía para os cursos de bacharelato debemos ter en conta os seguintes factores :

- **O nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas ao terminar o segundo ciclo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria.**
Na actualidade, está unanimemente estendida entre a comunidade de educadores a premisa de que toda ensinanza que pretenda ser significativa debe partir dos coñecementos previos dos alumnos e as alumnas. Dese xeito, partindo do que xa saben, poderemos construír novas aprendizaxes que conectarán cos que xa teñen de cursos anteriores ou de o que aprenden fóra da aula, ampliándoos en cantidade e, sobre todo, en calidade.
- **Ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna**
Cada persoa aprende a un ritmo diferente. Os contidos deben estar explicados de tal xeito que permitan extensións e gradación para a súa adaptabilidade.
- **Preparación básica para un alumnado de Ciencias ou Enxeñería**
Os alumnos e as alumnas destes bacharelatos requiren unha formación conceptual e procedimental básica para un estudante de Ciencias: unha boa bagaxe de procedementos e técnicas matemáticas, unha sólida estrutura conceptual e unha razoable tendencia a buscar certo rigor no que se sabe, en como se aprende e en como se expresa.
- **Atención ás necesidades doutras materias.**
O papel instrumental das Matemáticas obriga a ter en conta o uso que delas se pode necesitar noutras materias. Concretamente, as necesidades da Física impoñen que os temas de derivadas e integrais se traten con algo máis de profundidade do que se faría de non darse ese requirimento.

14.2. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

Para atender a todos os factores anteriormente nomeados levaremos a cabo una metodoloxía cos seguintes principios metodolóxicos:

- ~ **Aprendizaxe construtivista:** quen aprende faio construíndo sobre o que xa domina. E por iso fundamental ter en conta os coñecementos do alumnado . A partir de aí, as dificultades encadearanse coidadosamente partindo do que o alumno xa sabe.
- ~ Destacar a **aplicación e utilidade** que as matemáticas teñen tanto na vida cotiá dos alumnos como na aplicación a outras materias. É importante para isto xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos.
- ~ **Aprendizaxe activa e colaborativa:** a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ha de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- ~ **Integración das TIC** no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ~ **Atención á diversidade de ritmos de aprendizaxe dos distintos alumnos e alumnas.**

14.3. ACTIVIDADES PROPOSTAS

As actividades que levaremos a cabo nas aulas deben ser variadas e equilibradas. Serán:

- **Explicacións a cargo do profesor.**

- ~ breves introducións que centran e dan sentido e apoio intuitivo ao que se fai,
- ~ desenvolvementos concisos
- ~ procedementos moi claros,

- **Discusións entre profesor e alumnos e entre os propios alumnos.** Ante a formulacións de cuestións polo profesor, os alumnos deben dar respostas rápidas que facilitasen coñecer a situación de partida, e permitirlles logo contrastala co resultado final, para que poidan apreciar os seus “progresos”. É esta unha maneira de ir xerando confianza. Unha vez elaboradas as primeiras hipóteses de traballo, a discusión co profesor poñerá de manifesto o acertado do pensamento e a reformulación das conclusións, se procede.

- **Consolidación e práctica de técnicas e rutinas fundamentais.** unha gran cantidade de exercicios ben elixidos, secuenciados e clasificados, incluída a aplicación das Matemáticas a situacións da vida diaria

- **Resolución de problemas.** A valoración das Matemáticas lógrase na medida en que se ve nelas un instrumento útil para resolver problemas. Durante o tempo que se dedique a esta tarefa, o profesor debe prestar axuda aos alumnos de menor rendemento ou coñecementos, á vez que os máis avantaxados poden resolver actividades de ampliación. (Atención á diversidade.)

É fundamental a observación destas fases:

- ~ Comprensión do enunciado do problema.
- ~ Formulación
- ~ Resolución.
- ~ Comprobación da solución.

- **Traballos de investigación.** Un tipo de actividade especial aconsellable é a proposta de investigacións sobre algunhas cuestións ou situacións matemáticas para poder aplicar e actualizar os coñecementos do alumno, ben por si sós ou en grupo, asegurándose, en primeiro lugar, que se entendeu o tema que se expón (social, deportivo, económico, ambiental, etc.) e que, ademais, resulte interesante. O Profesor debe deixar traballar aos alumnos prestándolles axuda no caso de obstáculos insuperables.

14.4. RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos a utilización dos materiais seguintes:

- **Libro do alumnado** para Matemáticas I e Matemáticas I aplicadas ás CCSS.

- **Web do alumnado;** esta web inclúe:

- ~ Recursos xerais que poden utilizarse ao longo do curso: exercicios complementarios, lecturas interesantes relacionadas cos contidos, follas de cálculo, GeoGebra, etc.
- ~ Recursos para cada unidade, con contidos de repaso, actividades, proxectos de traballo, autoavaliacións, problemas guiados, autoavaliacións inicial e final, resumos e enlaces a programas para xerar contidos.

- **Web do profesorado** Esta web, ademais de ofrecer todos os recursos incluídos na web do alumnado, inclúe outros expresamente destinados aos docentes, como o solucionario de todas as actividades propostas no libro do alumnado, bibliografía comentada, enderezos de Internet comentados e diversas ferramentas dixitais para o exercicio da actividade docente.

15. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN DA DIVERSIDADE

Como parte da variabilidade que existe na sociedade e, por tanto, tamén se reflicte no sistema educativo, existe alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que ven definido no artigo 73 da **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006 de educación (LOMLOE), esta lei indica que a escolarización do ACNEAE deberá estar rexida polos **principios de inclusión e participación, calidade, equidade, non discriminación e igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo e accesibilidade universal para todo o alumnado.**

En Galicia o **Decreto 86/2015** que establece o currículo da ESO e Bacharelato en Galicia, sinala que a atención educativa para ACNEAE ten o fin de que acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias de cada etapa.

Será o **D. 229/2011** do 7 de decembro de 2011 que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, onde se inclúen medidas ordinarias e extraordinarias que faciliten a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características particulares do alumnado (**diferencias en competencia curricular, motivación intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe...**). No seguinte cadro explicitase o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) que pode ser susceptible de ditas medidas no noso dpto:

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ACNEAE)		
<p>Alumnado con necesidades educativas especiais temporais ou permanentes (NEE) Afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela. Precisan apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento.</p>	Repetidor/con materias pendentes	
	Atraso curricular xeralizado/específico	
	Trastornos da atención: -TDA/H -TDA/H non especificado	
	Trastornos disruptivos, de control de impulso, de conduta: -trastorno de personalidade antisocial -trastorno oposicional desafiante (antes TND) -problemas de relación nos sistemas familiar/escolar/social (problemas académicos/educativos, relacións pais-fillo/as...) -trastorno da conduta/con emocións prosociais limitadas	
	Trastornos do desenvolvemento: -trastornos do espectro autista: trastorno autista, Asperger/Autismo de alto rendemento, trastorno desintegrativo infantil (síndrome de Rett...) e TXD non especificado	Trast. da linguaxe e comunicacion -trastorno específico da linguaxe/específico do desenvolvemento da linguaxe (TEL/TEDL) (anteriormente afasia ou alalia) -trastorno da fala -trastorno da fluencia de inicio na infancia (tartamudeo ou disfemia) -trastorno da comunicación pragmática -trastorno da comunicación non especificado
	Trastornos da aprendizaxe: -trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para a lectura (dislexia, exactitude, velocidade, comprensión, precisión...) -trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para matemáticas (precisión e fluidez de cálculo, lectura simbólica, conceptos numéricos, razoamento lóxico-abstracto, resolución de problemas, comprensión de regras do cálculo ou discalculia...) -trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para expresión escrita (disgrafías, disortografías, expresión e composición...) -trastornos da aprendizaxe non especificados	
	Con trastorno do neurodesenvolvemento (diversidade funcional de tipo intelectual, motriz, sensorial...): -con intelixencia inferior á media (retraso global do desenvolvemento, diversidade funcional intelectual non especificada...) -con problemas de mobilidade (distintos graos de parálise cerebral, espiña bífida, accidentes, tumores que afectan ao sistema motor, miopatías, amputacións, desenvolvemento da coordinación, movementos estereotipados, tics...) -con deficiencias sensoriais como visual (cegueira, ambliopía...), auditiva (xordeira, hipoacusias)... -trastornos do neurodesenvolvemento non especificado	
Alumnado en situación de	Acollemento/situación desfavorecida	

vulnerabilidade socieducativa /cultural Presenta desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.	Mozas embarazadas Risco suicida Atención hospitalaria/domiciliaria Absentismo escolar
Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo	Cando por proceder doutros países ou por calquer outro motivo xustifico, <u>escolarízase tardiamente</u> e presenta dificultades para acadar obxectivos e competencias que lle corresponden por idade: Procedente do estranxeiro Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
Alumnado con altas capacidades intelectuais (AACC)	Alumnado con CI≥130, alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese (non confundir con talentosos ou precoces)

Na disposición adicional segunda da actual Resolución do 17 de xuño de 2021 que dita instrucións para desenvolver EI, EP, ESO e bacharelato no 21-22, explícitase que nas programacións didácticas incluíranse, entre outros elementos, as medidas de atención á diversidade. Asemade a LOMLOE (capítulo I artigo 4) indica entre os principios de actuación para a **atención á diversidade** por parte de equipos directivos, profesorado titor, docentes de área/materia/ámbito:

- incluíla no PEC, plans, proxectos, programa ... do centro garantindo a promoción dos principios do DUA (deseño universal de aprendizaxe).
- colaborar con orientación na planificación, desenvolvemento de actuacións destinadas a axuste do proceso E/A especialmente na atención á diversidade (incluír estratexias metodolóxicas promotoras de inclusión, respecto á diferenza...).

As MAD terán carácter revisable e estarán suxeitas a un proceso de avaliación continua, introducindo as modificacións que as necesidades existentes requiran. A identificación temperá dos necesidades educativas, a súa valoración e resposta educativa serán prioritarias. Neste sentido a avaliación inicial será un factor preventivo fundamental na atención á diversidade.

As **medidas** que desde o **departamento de Matemáticas**, e sempre contando co **asesoramento do Departamento de Orientación** do centro, poderán establecerse son as seguintes:

- **Un alumno que precise medidas non significativas** (modificacións de actividades, metodoloxía,...)pode presentar dificultades de aprendizaxe ou ter un atraso académico por as súas condicións persoais ou a súa historia escolar, e por iso necesitar medidas de reforzo educativo. A estes alumnos/as prestaráselles unha especial atención na aula. Elaboraremos material complementario para reforzar os contidos, graduando a dificultade os exercicios e de ser necesario modificando a súa formulación, por exemplo incluíndo exercicios guiados. Ademais se non fose suficiente poderán recibir clases de apoio co profesor de Pedagogía Terapéutica. Para eles elaboraranse materiais axeitados que lles permitan traballar os aspectos necesarios para acadar o grao de consecución mínima dos estándares. É fundamental a coordinación entre o profesorado de Matemáticas e o de Pedagogía, polo que ou/a alumno/a disporá dunha axenda que servirá de medio de comunicación entre ambos docentes e na que se rexistrarán as actividades que o/a alumno/a debe realizar, así como as dificultades que teña á hora da súa realización, os seus progresos,...
- No caso do alumnado que non consiga seguir o proceso ordinario de ensinanza aprendizaxe a pesar de recibir medidas de reforzo educativo, podería ser necesaria a elaboración dunha Adaptación Curricular Individualizada, na cal se modificarían os elementos prescriptivos do curriculum, dependendo en calquera caso da valoración do departamento de Orientación. Neste caso deberase contar co parecer dos dous pais.
- Para o **alumnado con altas capacidades** proporcionaráselle recursos, materiais adicionais, actividades complementarias (como exercicios máis complexos).
- Para o **alumnado con integración tardía non sistema educativo**. Neste grupo poden darse dúas situacións: que o alumno/a non coñeza o noso idioma ou que ou se un nivel académico sexa diferente ao dos seus compañeiros e compañeiras. Para a atención do alumnado con graves deficiencias idiomáticas desenvolveranse programas específicos de aprendizaxe aos que contribuiremos utilizando vocabulario sinxelo, con termos científicos. Para o alumnado cun nivel académico baixo, elaboraremos boletíns con actividades específicas de reforzo que lle permitan poñerse ao día seguinte ao último ritmo da clase.

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno e alumna a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde disto a necesidade de atender esta diversidade. No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios estudantes resolvan esta **diversidade** mediante a **elección de modalidades e optativas**. Non obstante, é **conveniente dar resposta desde cada materia a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os estudantes manifestan**. Cómpre, daquela, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos estudantes e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa fácil, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os estudantes alcancen os obxectivos propostos.

Desde o departamento de Matemáticas **atenderemos a esta diversidade** tendo en conta os **coñecementos previos do alumno e cunha selección de actividades de consolidación tanto de reforzo como de ampliación**.

Como **actividades de detección de coñecementos** previos suxerimos:

- ~ Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor ou profesora, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- ~ Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- ~ Introducción de cada aspecto matemático, sempre que iso sexa posible, mediante exemplos que o alumno ou alumna poida atopar na súa vida cotiá.

Como **actividades de consolidación** suxerimos:

- ~ Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos matemáticos, traballados na unidade. Os exercicios deben presentar distinto nivel de dificultade para atender a todo o alumnado

E importante sinalar que as formas de agrupamento dos estudantes e a súa distribución na aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso de aprendizaxe, por iso nos propoñemos realizar actividades con **distintos tipos de agrupamentos** (individual, pequenos grupos, gran grupo) co fin de **atender as preferencias de todo o alumnado**.

16. PLAN DE FOMENTO DA LECTURA

Os membros do Departamento recomendarán ós alumnos o uso da Biblioteca do centro en colaboración co profesorado encargado da mesma. Así mesmo recomendarán ós alumnos a lectura de libros relacionados co ámbito matemático coma por exemplo os da seguinte lista:

- *El señor del cero*, María Isabel Molina, Ed. Santillana 2002
- *Matemática es nombre de mujer*, Susana Mataix, Ed. Rubes Editorial, 1999.
- *Póngame un kilo de matemáticas*, Carlos Andradás Heranz, Ed. SM, 2000.
- *Teatromático*, Ismael Roldán Castro, Ed. Nivola, 2002.
- *El gran juego*, Carlo Frabetti, Ed. Santillana 1998.
- *El hombre que calculaba*, Molba Tahan, Ed. Aedo, 1984
- *El curioso incidente del perro a media noche*, Mark Haddon, Ed. Ediciones Salamandra
- *Matemagia*, Fernando Blasco, Ed. Ediciones Temas de hoy S.A., 2007
- *El diablo de los números*, Hans Magnus Enzensberger, Ed. Siruela, 1999.
- *El hombre anumérico*, Paulos, John Allen, Ed. Tusquets Editores, 1990
- *El tío Petrus y la conjetura de Golbach*, Apóstolos Doxiadis, Ed Ediciones B,2000.
- *Cartas a una joven matemática*, Ian Stewart, Ed., Crítica. Colección Drakontos,2006
- *Historia de las matemáticas*, Jose Luís Carlavilla Fernández, Gabriel Fernández García, Ed. Proyecto SUR de Ediciones, 2003. (Todos os niveis)

17. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICs

Fomentarase entre os alumnos o manexo fluído da calculadora científica non só en Matemáticas, senón que no contexto de calquera materia que o precise nun momento dado. É importante que o alumnado saiba autorregularse no uso da calculadora para que esta non substitúa ás destrezas mínimas do cálculo mental.

Tamén se facilitara o uso dalgúns programas de software adecuados para entender mellor conceptos e propiedades dirixidas a facilitar cálculos. Por exemplo: Cabri II, Geogebra, Mathematica, Derive,...

Procurarase ademais que o alumnado adquira a destreza para utilizar os recursos e materiais matemáticos contidos en CD, DVD ou dispoñibles en recursos web como enciclopedias (Encarta, Wikipedia,...), portais matemáticos (Redemat, Divulgamat, Descartes,...) e outras páxinas web como:

<http://platea.pntic.mec.es/aperez4/>,

<http://www.matematicas.net>,

<http://jmora7.com>,

<http://recursos.pnte.cfnavarra.es/~msadaall/geogebra/>,

<http://web.educastur.princast.es/ies/pravia/carpetas/profes/departam/mates/index>.

<http://www.infoymate.net/>,

<http://www.hojamat.es/>,

18. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O profesorado do Departamento consciente de que a mellora da convivencia e o logro dun bo clima educativo facilita a tarefa de ensinar e contribúe á formación do alumnado como persoas, ademais de participar nas actividades programadas polo grupo de convivencia, contribuirá desde a súa práctica docente ao logro dos obxectivos do plan:

- a) Fomentar o uso do diálogo e da escoita activa.
- b) Poñer en práctica a aprendizaxe cooperativa.
- c) Afrontar a agresividade gratuíta de forma inmediata e buscar alternativas positivas.
- d) Afrontar positivamente o conflito, tomándoo como unha oportunidade para aprender e mellorar as capacidades persoais e sociais.
- e) Desenvolver habilidades comunicativas e sociais como recurso fronte a situacións de exclusión, ameazas, submisión
- f) Conseguir un clima de aula positivo para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe, reducindo ao máximo as condutas disrruptivas.

19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

19.1 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR E REVISAR A PROPIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Serán avaliados os seguintes elementos:

- ~ A idoneidade da selección, distribución e secuenciación dos obxectivos e contidos.
- ~ A idoneidade da metodoloxía seguida e dos materiais e recursos didácticos empregados.
- ~ A adecuación dos criterios de avaliación relacionados coa adquisición das competencias básicas.
- ~ A eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación. Revisión dos criterios de cualificación.
- ~ As modificacións que se desprendan desta avaliación faranse constar na memoria do departamento.

Despois da devandita avaliación, os membros proporán nas reunións do Departamento que se celebren durante o curso as modificacións a programación que consideren que poden redundar na súa mellora.

19.2.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O profesorado non só avaliará as aprendizaxes do alumnado senón tamén os procesos de ensino e a propia práctica docente. Ademais de avaliar o seu traballo docente desde un punto de vista metodolóxico, cada profesor debe analizar a súa capacidade para xestionar o grupo/clase, para traballar a diversos niveis, para chegar á diversidade do alumnado con todo tipo de actividades e modos de avaliación.

Co fin de axudarnos a avaliar e a mellorar a nosa tarefa docente, os profesores de dispoñemos do seguinte cuestionario:

	SI	NON→MELLORA
Son capaz de utilizar diferentes técnicas metodolóxicas (traballo cooperativo, TIC)		
Planifico eficazmente as actividades a realizar na clase.		
Teño unha actitude positiva cara aos alumnos na miña clase		
Son capaz de abordar comportamentos disruptivos dunha maneira correcta e apropiada.		
Utilizo unha grande variedade de procedementos e de instrumentos de avaliación.		
Desenvolvo nos meus alumnos a auto-avaliación e a co-avaliación.		
Falo cos meus alumnos sobre os seus progresos e as súas dificultades de aprendizaxe.		
Estou regularmente en contacto cos tutores dos alumnos para informarlles sobre o proceso de ensino-aprendizaxe		

